

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	RUBIÁ
<b>Edificio</b>	Igrexa da Santa Cruz da Veiga de Cascallá
<b>Dirección</b>	Lugar da Veiga de Cascallá, s/n. 32311
	42.453114 -6.901258
<b>Protección</b>	
<b>Descricion</b>	A igrexa de A Veiga de Cascallá, aparte da súa notable beleza exterior e da súa acolledora espiritualidade interior, ten tras de sí unha curiosa e rocambolesca historia que contribúe a reforzar a súa xa de por sí enigmático emprazamento. Corría o 3 de maio de 1959 cando as augas do río Xares asolagaron para sempre as casas de Alberguería, no concello de A Veiga do Bolo. Ó pecharse as comportas da nova presa e formarse o encoro de Prada, casas e enseres máis queridos quedaron abnegados en aras a non se sabe qué historia de progreso e modernidade. Nada se salvou daquel recordado pobo, tamén coñecido como «a ribeira da montaña» pola fertilidade das súas terras e a riqueza das súas xentes. Non se conserva nada do antigo pobo agás a súa igrexa que con sumo esmero e coidado, pedra a pedra previamente numeradas, foi trasladada ata o tamén pequeno pobo de A Veiga de Cascallá. ¿Por qué esta localidade de Rubiá?. Opinións hai para todos os gustos, dende que se cree que foi por equivocación ata quen pensa que a decisión foi mui pensada e valorada, é dicir, «con alevosía e premeditación». Os artífices da idea: o párroco de Alberguería -Arsenio López García-, co visto bo do obispo de Astorga, José Casteltort; os executores, os empregados da empresa Moncabril que trasladaron, unha a unha, todas as pedras e os beneficiados, -os veciños de A Veiga- que, por erro ou sin erro, poden disfrutar deste fermoso templo. No adro, suxeitas ás paredes laterais, hai dúas placas que nos indican: unha, o traslado desta igrexa parroquial dende Alberguería ata A Veiga e a outra, cómo Salvador Alejandro Fernández, emigrante do lugar en Sudamérica, o 1 de xaneiro de 1959 donou un reloxos colocado na torre para que os veciños do pobo se lembrasen del cando oísen soar as horas.
<b>Campás</b>	1 campá.
<b>Fotos</b>	3
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
<b>Data</b>	26-11-2023

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
--------------	-------	----------	------------------	------------------	------

Torre-campanario	<u>Única.</u>	<u>CABRILLO, CASA</u> <u>(SALAMANCA)</u>		75	244
------------------	---------------	---	--	----	-----

Información completa: [Igrexa da Santa Cruz da Veiga de Cascallá - RUBIÁ \(GALICIA\)](#)

PDF (19-06-2026)